



Castelao.



Non lle poñades chatas á obra namentras
non se remata. O que pense que vai mal que
traballe n'ela; hay sitio para todos.

1886-1915. Da infancia á primeira madureza

A infancia e a mocidade de Castelao transcorreron a ambas as dúas beiras do Atlántico: na taberna da Pampa (a onde emigrara seu pai), na súa casa de Rianxo e, xa máis adiante, na Universidade compostelá, na que estuda Medicina.




Caricatura de Risco



Os seus vencellamentos políticos non pasan nesta época das colaboracións no xornal anticaciquil local "El Barbero municipal" e comeza a gañarse un creto como caricaturista na prensa galega e madrileña.

1916-1929. O artista galeguista

Durante os anos vinte Castelao convértese na principal figura da arte galega. Desta etapa son os seus mellores cadros, a consagración definitiva como caricaturista (*Nós*), as viaxes por Europa para desenvolver estudos artísticos e os primeiros pasos en relación coa que será a súa futura vida política.



1930-1939. Esplendor e traxedia: escritor e dirixente político

A vida política da IIª República descobre o Castelao político. A campaña polo Estatuto ou os seus repetidos escanos nas cortes de Madrid ocupan boa parte do seu tempo e constrúenlle unha gran sona en toda Galiza. Asemade, desenvolve unha grande actividade como escritor, especialmente, a través dos xornais. A guerra rompe a súa vida e condénalo ao exilio.



OBRA LITERARIA

Narrativa:


- *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922)
- *Cousas* (1926-1929)
- *Retrincos* (1934)
- *Os dous de sempre* (1934)

Teatro:

Os vellos non deben de namorarse (1941)

Ensaio:

Sempre en Galiza (escrito entre 1935 e 1944)



CONTOS DE
CASTELAO





Obra gráfica:

Cincoenta homes por dez reás (1930)

Cousas da vida (1926-29)

Album Nós (1931)

Galicia Mártir (1937)

Atila en Galicia (1937)



Milicianos (1938)

Deu seu fillo para Cuba e o seu neto para Melilla; mais agora non ten cartos para paga-los trabucos.

Quedarán sen chouza.



— Eu non quería morrer alá
¿Sabe, miña nai?



— A túa filla xa será
unha moza, eh.



— E logo?

— Xa ves, mexan por min e teño
que dicir que chove.




Fan ben en durmir; así
poden soñar que hai
xustiza pra eles.



- Nas cidades prohibiron os pobres.
- Sería mellor que prohibiran a pobreza.

- Eu bebo para afogar-as penas; mais as
condanadas aboçam






— Vostede terá moito dereito,
pero eu teño moita razón.


— Din que van subi-los selos
das cartas.
— Que ben fixemos en non
saber escribir.






— ¡Un padrenuestro para que Deus nos liberte da xusticia!

— ¡Un padrenuestro para que Deus nos liberte da xusticia!




— Ôs señoritos non lles gusta a choiva.
— Pero gústanlle as patacas...

— Ôs señoritos non lles gusta a choiva.
— Pero gústanlle as patacas...



© fracasado da emigración.

© fracasado da emigración



— ¿Qué comerá o rey?
— Comerá... comerá... zucre.

— ¿Qué comerá o rey?
— Comerá... comerá...
zucre.



En Galiza non se pide nada. Emígrase.



- A nosa Terra non é nosa, rapaces.

En Galiza non se pide nada.
Emígrase.




Non son pastores de Belén; son labregos
que van a pagar-os foros.

Non son pastores de Belén; son
labregos que van a pagar-os
foros.




Dous vellos amigos: os foros e as obladas

Dous vellos amigos: os
foros e as obladas



— Decías que eras probe e tiñas unha vaca, eh?

—Decías que eras probe e
tiñas unha vaca, eh?



A felicidade.

A felicidade

CASTELAO POLÍTICO

Durante a Segunda República (1931-1936) desenvolve un importante labor político:

- En 1931 resulta elixido deputado como galeguista nas Cortes Constituíntes.
- Participou na constitución do Partido Galeguista.



Fundación do Partido Galeguista

Avelino Pousa Antelo e Antón Fraguas falan dos tempos da República e de Castelao.




- Foi desterrado por medio dun traslado administrativo forzoso a Badaxoz en novembro de 1934.
- Durante o seu desterro escribiu para *A Nosa Terra* unha serie de artigos co título *Verbas de chumbo* que posteriormente integraría no ensaio *Sempre en Galiza* (1944), libro de referencia para o nacionalismo galego.



Homenaxe do Partido Galeguista a Castelao en 1934



- En 1936 foi escollido de novo deputado na candidatura da Fronte Popular.
- Protagonizou a campaña pro-Estatuto de Autonomía de Galiza, aprobado en plebiscito o 28 de xuño de 1936.





MITIN PRO-ESTATUTO

**PRAZA DE TOUROS DE
PONTEVEDRA**

**INTERVÉN
ALEXANDRE BÓVEDA,
SINÁLASE A ALFONSO
D. CASTELAO.**

- O maior éxito do PG é a consecución do primeiro Estatuto de Galiza, aprobado maioritariamente polo pobo galego en plebiscito (28 xuño de 1936).
- Nunca entrou en vigor por mor do Golpe de Estado fascista do 18 de xullo de 1936.
- As Cortes republicanas aprobárono o 1 de febreiro de 1938.

CARTEIS PRO-ESTATUTO DE CASTELAO



Para que a nossa
Terra sexa nosa
VOTA O ESTATUTO




Para que remate
esta vergonha

GUERRA CIVIL (1936-1939) DITADURA FRANQUISTA (1939-1975)

A longa noite de pedra



- O golpe de estado colleuno en Madrid cando participaba na delegación que facía entrega oficial do estatuto ao presidente das Cortes.
- Promoveu a organización dunhas milicias galegas en colaboración co PCE.
- Instalouse en Valencia en decembro de 1936 e logo en Barcelona: xa nunca volvería a Galiza.






Embarca cara a Nova York (20-VII-1938) ao encomendarlle o goberno a realización dunha campaña de axuda á República en América, para o que contou coa colaboración das Sociedades Hispánicas Confederadas e da Casa de Galicia Unidade Galega. Conseguiu recadar 50.000 dólares e organizou a Fronte Popular Antifascista Galega,

Álbums da Guerra Civil

Milicianos (1938)

Galicia mártir (1937)

Atila en Galicia (1937)




1940-1950. O exilio. A esperanza esmorecente

A vida na posguerra pasa pola reorganización das comunidades galegas no exilio, na esperanza de que a ditadura franquista caíse, e Castelao fai continuas viaxes por América e Europa. Maniféstanse os primeiros síntomas da enfermidade. Polo que respecta á súa produción, abandonados o debuxo e a pintura pola súa cegueira, concéntrase na publicación da súa principal obra política *Sempre en Galiza*.



En xullo de 1940 marchou para Bos Aires. Foi ministro sen carteira do goberno republicano no exilio presidido por José Giral (1946-47) e estableceuse en París, cidade onde viviu Castelao até agosto de 1947.

O 15 de novembro de 1944, fúndase en Montevideo o Consello de Galiza, coa sinatura de Alfonso Rodríguez Castelao, entre outros. Na foto, Castelao falando no banquete do Día de Galiza en 1944.



A actividade política tivo continuación en Sudamérica
con Castelao á fronte do Consello de Galiza.



Castelao pintando as máscaras da obra *Os vellos non deben de namorarse*, representada por primeira vez en Arxentina en 1941.



Fala Castelao: fonopostal gravada en Bos Aires en 1941.

Castelao morreu enfermo o 7 de xaneiro de 1950 no sanatorio do Centro Galego de Bos Aires e foi soterrado o 9 de xaneiro no cemiterio da Chacarita.



A censura española

O 8 de xaneiro, trala morte de Castelao, a Dirección General de Prensa envíalles esta consigna aos xornais.

Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao se advierte lo siguiente:

La noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna.

Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político.

Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista.

Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados.

De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro "Sempre en Galiza" ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil.

Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente.

Os seus restos mortais foron repatriados e levados para o Panteón de Galegos Ilustres en 1984 entre grandes protestas populares que acusaban as autoridades de que "os que o exiliaron agora fanlle honores".



Vídeo da chegada do féretro de Castelao a Bonaval.

Especial d'A Nosa Terra á súa morte.

